



GALICIAN TRANSPARENCY COMMISSION

Rúa do Hórreo nº 65

15700 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Proceedings No. RSCTG 0054/2017

Concerning letter dated 30 November 2017 entered in the General Register of the Galician Government (Xunta de Galicia) on 7 December 2017, requesting a report on the status of Proceedings No. RSCTG 0054/2017 which deals with a request for access to information submitted by the Friends of the Forests "O Ouriol de Anllóns" association, I hereby inform you of the following:

After analysing the request, and verifying the documentation in the archives of this Regional Ministry, we find that the documents matching the information requested are the following:

- 1.- "Inventory of abandoned mining operations of the Autonomous Community of Galicia" dated November 1998 (not 1999 as indicated by requestors).
- 2.- "Study for urgent examination and risk assessment of the mining ponds and dumps of the Autonomous Community of Galicia" (1999).
- 3.- "Preliminary project for the recovery of old mine workings abandoned in the province of A Coruña".
- 4.- "General collaboration procedure between the Ministry of Economy and Industry, the Ministry of Environment, Land and Infrastructure and the Excavators Association of Galicia for securing holes caused by abandoned mine workings and the recovery of their degraded natural space".

The aforementioned documents are available to the representative of the requesting entity for consultation at the offices of the Directorate-General of Energy and Mines located at the San Caetano Administrative Complex from 9:00 a.m. to 2:00 p.m. Requires confirmation by phone to +34 981 957 092 at least one working day prior to the visit. The person appearing must bring identity card to prove identity, as well as relevant documentation to prove representation powers. Appearance shall be recorded by means of a formal record.

It should be noted that a significant part of the requested documentation dates back almost 20 years, therefore, it was not possible to locate it in the files normally handled

JUAN AMOR FERNÁNDEZ
Traductor-Intérprete Jurado
Alemán, Inglés, Italiano,
Portugués, Catalán
Número 132





by the current staff of the Sub-directorate General for Mineral Resources; and it was necessary to carry out specific researches in different units and archives.

As for the "Inventory of abandoned mining operations of the Autonomous Community of Galicia" made available, it consists, in what concerns to the provinces of A Coruña and Lugo, of a total of 23 bound volumes. The inventory is subdivided by Town Halls and, in turn, each mine workings is identified by a number. The information inside [such volumes] is focused on the assessment of the safety risks posed by each mine workings, both external and internal, based on specific parameters subject to assessment.

The information listed in this document is not mainly correlated with environmental information. Rather, such information is clearly focused on the scope of mining safety and, by extension, public safety, insofar as it identifies locations of possible risk to people.

This inventory shows an important effort by the Autonomous Administration -which involved a significant field and research work- in favour of mining safety. During its preparation, and as stated in the study itself, a large number of municipal officers and private individuals collaborated actively and pro bono. In the years following the preparation of the inventory, the Autonomous Administration promoted the implementation of protective actions and safety measures concerning cases identified as of higher risk as well as other specific initiatives in subsequent years. For this reason, it is noted that the information contained in the inventories may not correspond to the current situation, that is, it may constitute outdated information due to the period of time elapsed since its preparation (as mentioned, almost 20 years).

Although in resolution of 8 November 2017 issued by the Commission of Transparency of Galicia by which these proceedings are resolved, the inventories and the "Study for urgent examination and risk assessment of mining ponds and dumps of the Autonomous Community of Galicia" are considered public records, the truth is that eventually, they were the Administration's working papers.

The aforementioned documents, taking into account the elapsed time, are of a strong investigative nature; they analyse specific aspects of mining operations or certain elements in them, at a given historical moment, allowing to obtain aggregate statistics. They do not contain specially protected data referred to in article 7 of Organic Law 15/1999, of 13 December, on the Protection of Personal Data. Concerning the inclusion of merely identifying personal data, given the voluminous size of the information requested and the inability for carrying out a comprehensive review of the thousands of sheets composing it, the requesting association is expressly warned, pursuant to Article 15.5 of Law 19/2013, of 9 December, on transparency, access to public information and good governance, that the regulations on the protection of personal data shall be applicable to the subsequent treatment of data by exercising the right of access.





In any case, the Galician Transparency Commission, assessing the content of the documents, concludes in its resolution "that knowledge is of public interest" and that "the information requested fits into the comprehensive concept of public information".

Taking into account its content and purpose, the information requested is subject to the exception of access to public information foreseen in Art. 14.1.d) of Law 19/2013, of 9 December, on transparency, access to public information and good governance, which refers to "public safety". The same subject is treated in Art. 25 of the Galician Law 1/2016, of 18 January, on transparency and good governance. However, taking into account the content of the resolution issued by the Galician Transparency Commission, disclosing the right of access to information, as well as the requirement of proportionality in the application of access exceptions, and as already indicated, documentation is available to requestors, without prejudice to making an express warning concerning the safety risks identified and the prudence necessary when using and disseminating such information as well as potential *in situ* explorations of the locations identified therein. The consequences resulting from utilisation are under the responsibility of the requesting association, its members and the specific persons accessing said information.

A copy of the response letter sent to the requesting association is enclosed.

Santiago de Compostela, 15 December 2017

[electronically signed in the margins]

The Director-General of Energy and Mines

Ángel Bernardo Tahoces

Don Juan Amor Fernández, Traductor-Intérprete Jurado de inglés, nombrado por el Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea y Cooperación, certifica que la que antecede es traducción fiel y completa al inglés de un documento redactado en español.

I the undersigned Juan Amor Fernández, sworn translator for the English Language, duly appointed by the Ministry for Foreign Affairs, European Union and Cooperation, do hereby certify that the foregoing is a true and faithful translation of the original Spanish document hereunto attached.

Águilas (Murcia) Spain, 29th January 2019

<p>JUAN AMOR FERNÁNDEZ Traductor-Intérprete Jurado Alemán, Inglés, Italiano, Portugués, Catalán Número 132</p>	
---	--

Signed by: BERNARDO TAHOSES, ANGEL
Title: Director-General
Date and time: 15/12/2017 14:01:25



COMISIÓN DE TRANSPARENCIA DE GALICIA

Rúa do Hórreo nº 65

15700 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente RSCTG 0054/2017

En relación co seu escrito de data 30 de novembro de 2017 con entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia do 7 de decembro de 2017 no que solicita informe sobre a situación do expediente RSCTG 0054/2017 relativo a unha solicitude de acceso a información presentada pola asociación Amigos e Amigas dos Bosques “O Ouriol do Anllóns”, comunícolle o seguinte:

Da análise da solicitude, e unha vez comprobada a documentación existente nos arquivos desta Consellería, conclúese que os documentos que se corresponden coa información solicitada son os seguintes:

- 1.- “Inventario de explotaciones mineras abandonadas de la Comunidad Autónoma de Galicia” datado en novembro de 1998 (non en 1999 como indican os solicitantes).
- 2.- “Estudio para el reconocimiento de urgencia y valoración de riesgos de las balsas y escombreras de la Comunidad Autónoma de Galicia” (1999)
- 3.- “Anteproxecto de recuperación de antigos labores mineiros abandonados na provincia de A Coruña”.
- 4.- “Protocolo xeral de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Asociación de Escavadores de Galicia para a posta en seguridade de ocios orixinados por aproveitamentos mineiros abandonados e recuperación do seu espazo natural degradado”.

Os citados documentos atópanse a disposición do representante da entidade solicitante para a súa consulta nas dependencias da Dirección Xeral de Enerxía e Minas sitas no complexo administrativo de San Caetano en horario de 9 a 14 horas, previa comunicación da visita con antelación mínima dun día no teléfono 981-957092. A persoa comparecente deberá acreditar a súa personalidade mediante a exhibición do





seu DNI así como a representación na que actúa mediante a correspondente documentación. Da comparecencia que se realice deixárase constancia a través de diligencia.

Procede salientar que unha boa parte da documentación solicitada data de hai case 20 anos polo que non resultaba localizable nos arquivos de uso habitual por parte do persoal actual da Subdirección Xeral de Recursos Minerais e foi preciso realizar buscas específicas en diversas dependencias e arquivos.

Polo que respecta ao “Inventario de explotacións mineras abandonadas de la Comunidad Autónoma de Galicia” que se pon a disposición, este consta, no que atinxe ás provincias da Coruña e Lugo, dun total de 23 tomos encadernados. O inventario está subdividido por Concellos e, á súa vez, cada labor está identificado por un número. A información que contén céntrase na valoración dos riscos de seguridade que presenta o labor, tanto externos como internos, de acordo cuns concretos parámetros obxecto de valoración.

A información contida neste documento non se corresponde de modo principal con información de carácter medioambiental. Antes ben, a información está enfocada de modo manifesto ao ámbito da seguridade mineira e, por extensión, da seguridade pública, na medida en que identifica localizacións de posible risco para as persoas.

Este inventario evidencia un importante esforzo da Administración autonómica a prol da seguridade mineira, que implicou un relevante traballo de campo e de investigación. Durante a súa elaboración, e tal e como consta no propio estudio, colaboraron activa e desinteresadamente un elevado número de funcionarios municipais e particulares. Nos anos seguintes á elaboración do inventario, a Administración autonómica impulsou a realización de actuacións de protección e posta en situación de seguridade en relación cos supostos identificados de maior risco así como outras actuacións puntuais nos anos posteriores. Por este motivo, advírtese que a información contida nos inventarios pode non corresponderse coa situación actual, é dicir, pode constituír información obsoleta e non actualizada por razón do tempo transcorrido dende a súa elaboración (como xa se dixo, case 20 anos).

Se ben na resolución do 8 de novembro de 2017 desa Comisión de Transparencia de Galicia pola que se resolve este expediente se cualifican os inventarios e o “Estudio para el reconocimiento de urgencia y valoración de riesgos de las balsas y escombreras de la Comunidad Autónoma de Galicia” como públicos, o certo é que constituíron no seu día documentos de traballo para a Administración.

Os documentos aludidos, tendo en conta o tempo transcorrido, presentan un marcado carácter de estudos que analizan aspectos concretos de explotacións mineiras ou de determinados elementos delas, nun momento histórico dado, permitindo a obtención de estatísticas agregadas. Non conteñen datos especialmente protexidos aos que se refire o artigo 7 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal. Para o caso da inclusión de datos de carácter persoal meramente





identificativos, dada a voluminosidade da información solicitada e a imposibilidade de realizar unha revisión exhaustiva dos miles de follas que a compoñen, advírtese expresamente á asociación solicitante, de conformidade co artigo 15.5 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que a normativa de protección de datos persoais será de aplicación ao tratamento posterior dos obtidos a través do exercicio do dereito de acceso.

En todo caso, esa Comisión de Transparencia de Galicia, valorando o contido dos documentos, conclúe na súa resolución “que o o seu coñecemento resulta de interese público” e que “a información solicitada encaixa no amplo concepto de información pública”.

Tendo en conta o seu contido e a súa finalidade, a información solicitada é susceptible de encadrarse na excepción de acceso á información pública prevista no art. 14.1.d) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que se refire á “seguridade pública”. No mesmo senso se pronuncia o art. 25 da Lei de Galicia 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Non obstante, tendo en conta o contido da resolución ditada e remitida por esa Comisión de Transparencia de Galicia na que se declara o dereito de acceso á información, así como a esixencia de proporcionalidade na aplicación das excepcións de acceso, e tal e como xa quedou indicado, a documentación está a disposición dos solicitantes, sen prexuízo de realizarlles un apercebimento expreso respecto dos riscos de seguridade que se identifican e da necesaria prudencia na utilización e difusión da dita información así como respecto de posibles exploracións *in situ* das localizacións identificadas, quedando baixo a responsabilidade da asociación solicitante, dos seus membros e das persoas concretas que accedan á dita información, as consecuencias que se deriven do seu uso.

Achégase copia do escrito de resposta remitido á asociación solicitante.

O director xeral de Enerxía e Minas

Ángel Bernardo Tahoces

